

Ordenanza Fiscal reguladora da Taxa por instalación de quioscos na vía pública

ARTIGO 1. Fundamento Legal

Esta Entidade Local, en uso das facultades contidas nos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española, nos artigos 105 e 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade ao disposto no artigo 20.4.r) en relación cos artigos 15 a 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, establece a Taxa por ocupación do dominio público por instalación de quioscos na vía pública, que se rexerá pola presente Ordenanza fiscal, cuxas normas atenden ao previsto no artigo 57 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

ARTIGO 2. Ámbito de Aplicación

A presente Ordenanza será de aplicación en todo o termo municipal de Gondomar.

ARTIGO 3. Feito imponible

Constitúe o feito imponible da taxa a utilización privativa ou o aprovechamiento do dominio público local por instalación de quioscos na vía pública, de conformidade co artigo 20.3.m) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

ARTIGO 4. Suxeitos Pasivos

Son suxeitos pasivos, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas así como as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, que gocen, utilicen ou aproveiten especialmente o dominio público en beneficio particular, mediante a ocupación de terreos de dominio público local por instalación de quioscos na vía pública.

ARTIGO 5. Responsables

Responderán dá débeda tributaria os debedores principais xunto a outras persoas ou entidades. A estos efectos consideraranse debedores principais os obrigados tributarios do apartado 2 do artigo 35 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Salvo precepto legal expreso en contrario, a responsabilidade será sempre subsidiaria.

En relación á responsabilidade solidaria e subsidiaria da débeda tributaria estarase ao establecido nos artigos 42 e 43, respectivamente, da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

ARTIGO 6. Exencións, Reducións e Bonificacións

De conformidade co disposto no artigo 9 del R.D.L. 2/2004 non se recoñece beneficio tributario ningún, salvo os que sexan consecuencia do establecido nos tratados ou acordos internacionais, ou os expresamente previstos en normas con rango de Lei.

ARTIGO 7. Cota Tributaria

A cota desta Taxa será a que figura no anexo desta Ordenanza.

ARTIGO 8. Devengo

Devengarase a Taxa e nace a obriga de contribuír:

- a) Tratándose de novos aproveitamentos, no mesmo momento de solicitar a concesión ou autorización do aproveitamento ou, na súa falta, desde o mesmo momento en que se realice materialmente o aproveitamento real e efectivo.
- b) Tratándose de aproveitamentos xa autorizados, e en tanto non se solicite a súa baixa, o día primeiro de cada ano natural.

ARTIGO 9. Réxime de Liquidación e Ingreso

A) Cando se trate de servizos non periódicos, no momento de presentar a solicitude de concesión ou autorización do aproveitamento liquidarase e ingresarase a taxa. En todo caso, o ingreso será anterior ao inicio do expediente de concesión ou autorización do aproveitamento interesado.

B) Cando se trate de servizos periódicos: practicarase a liquidación única anual ou coa periodicidade que se determine nas tarifas desta taxa. O cobro da taxa farase mediante Lista Cobratoria, por recibos tributarios, no período de cobranza que o Concello determine, expoñéndose dita lista cobratoria nos prazos, lugares e medios previstos pola Lexislación, a efectos de reclamacións polas interesados/Cotas establecidas e a recadación levarase a cabo mediante recibos de cobro periódico.

ARTIGO 10. Xestión

As persoas ou entidades interesadas na concesión ou autorización do aproveitamento sobre o dominio público municipal que se citan no artigo segundo desta ordenanza, deberán presentar solicitude por escrito na que se detalle como mínimo: suxeito pasivo, situación exacta do lugar onde terá lugar a ocupación (plano) e superficie a ocupar. O Concello, previos os trámites oportunos, autorizará ou non a ocupación.

Procederá a devolución das taxas que se esixiron, cando non se realice o seu feito impoñible por causas non imputables ao suxeito pasivo, a tenor do artigo 12 da Lei 8/1989, de 13 de abril, de Taxas e Prezos Públicos

Unha vez autorizada a concesión ou autorización do aproveitamento sobre o dominio público municipal entenderase prorrogada mentres non se presente a declaración de baixa polo interesado, a non ser que se trate de servizos non periódicos.

Cando remate o aproveitamento sobre o dominio público municipal, os suxeitos pasivos formularán as declaracíons de baixa no padrón da taxa e surtirá efectos no período natural seguinte ó da súa presentación, procedendo a proratearse por meses. A non presentación da baixa determinará a obriga de continuar aboando a taxa.

Se se realiza o aproveitamento ou utilización do dominio público municipal sen mediar solicitude, liquidarase e notificarase a taxa cando se detecte esta situación, esixíndose o ingreso nos prazos previstos nos artigos 60 e 62 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, sen prexuízo de abri-lo oportuno expediente sancionador por infracción tributaria

Cando da ocupación do dominio público, poida deducirse razoablemente a posibilidade dalgún dano, o Concello poderá, de acordo co informe dun técnico municipal, fixar unha fianza para responder deses posibles danos. Fianza que será devolta unha vez rematada a ocupación autorizada, e comprobados os danos, no seu caso.

En todo caso, a tenor do artigo 24.5 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, cando a utilización privativa ou o aproveitamento especial leve aparellada a destrución ou deterioración do dominio público local, o beneficiario, sen prexuízo do pago da taxa a que houber lugar, estará obrigado ao reintegro do custo total dos respectivos gastos de reconstrucción ou reparación e ao depósito previo do seu importe.

Se os danos fosen irreparables, a Entidade será indemnizada en contía igual ao valor dos bens destruídos ou ao importe da deterioración dos danados.

O Concello non poderá condonar total nin parcialmente as indemnizacións e reintegros a que se refire este apartado.

ARTIGO 11. Infraccións e Sancións Tributarias

En todo o referente a infraccións e sancións, será de aplicación a Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, en concreto os artigos 181 e seguintes, e as disposicións que a desenvolvan.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza, aprobada polo Pleno do Concello de Gondomar, entrará en vigor no momento da súa publicación integra no Boletín Oficial da Provincia e comenzará a aplicarse a partir do 1 de xaneiro de ano seguinte a da súa publicación, permanecendo en vigor até a súa modificación ou derogación expresa.

A N E X O

As tarifas, para os supostos contemplados no artigo 20.3.m) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, quedan establecidas da maneira seguinte:

<u>CONCEPTO</u>	<u>IMPORTE ANUAL</u>
QUIOSCOS, dedicados á venda de bebidas alcohólicas Cafés, refrescos, etc., así como os dedicados á venda de Prensa, libros, tabacos, lotería, quincallada, etc..	
Por m ² ou fracción	48,32 €